

Exp: 1/2000

ID: 586



CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE

DELEGACION PROVINCIAL

Servicio de Montes e Industrias Forestais

LUGO - Ronda Muralla, 70 · 1ª planta

CARPETA DEL MONTE:

“DE FOILEBAR”

COMUNIDAD PROPIETARIA:

Pª. DE FOILEBAR

TÉRMINO MUNICIPAL:

INCIO

Año

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 1/2000.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VOCAIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Manuel Veiga Franco.

Don Luis Alfonso Casais Fernández

(en sustitución de Don Emilio Sánchez Coto).

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a doce de xuño de dous mil un, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 1/2000, para a posible clasificación como veciñal en man común do monte "O PICO, LOUSEIRA e PICO DE CABUDE", ubicado no concello do INCIO, iniciado por acordo do

Xurado coa data do 14 de decembro de 1999, sendo vocal instructor do mesmo **DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 12 de xaneiro de 2000), iniciouse o expediente número 1/2000 (por instancia de **DON JAIME LÓPEZ MONTERO**, veciño da parroquia de FOILEBAR, como presidente da xunta provisional da comunidade), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 14 de xaneiro de 2000, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 31 de xaneiro de 2000, recibíuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte "O PICO, LOUSEIRA e PICO DE CABUDE", non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Coa data do 29 de febreiro de 2000 (registro de saída número 28.662, do día 1 do mes de marzo do mesmo ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **SARRIA** os documentos seguintes relativos ós montes: **«SERRA DE FOILEBAR»** ou **«O PICO, LOUSEIRA e PICO DE CABUDE»**;

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 13 de marzo de 2000, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **SARRIA**, na que se fai constar que o monte **«SERRA DE FOILEBAR ou O PICO, LOUSEIRA e PICO DE CABUDE»**, tal e como aparecen descritos na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, non figura inscrito nese Rexistro e que non existe presentado no libro Diario e pendente de despacho ningún título relativo ó predio do que se certifica.

SEXTO: Coa data do 27 de outubro de 2000 (registro de saída número 140.720, do mesmo día, mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

SÉTIMO: Coa data do 2 de novembro de 2000 (registro de saída número 143.153, do día 3 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **SARRIA** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA** relativa ó monte **«DE FOILEBAR»** (parcelas: **O Pico de Leizán e A Louseira, A Legúa e Pico de Cabude**).

OITAVO: Coa data do 2 de novembro de 2000 (registro de saída número 143.160, do día 3 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

NOVENO: Coa data do 2 de novembro de 2000 (registros de saída números 143.162 e 143.166, do día 3 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello do **INCIO** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

DÉCIMO: Coa data do 2 de novembro de 2000 (registro de saída número 143.168, do día 3 do

mesmo mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON JAIME LÓPEZ MONTERO**, con domicilio na parroquia de **FOILEBAR**, concello do **INCIO**, a iniciación do expediente.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 20 de novembro de 2000, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **SARRIA**, na que fai consta-la anotación preventiva feita polo mesmo (folio 179 do libro 61 do Incio, tomo 408 do arquivo, predio número 6.299).

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 28 de novembro de 2000, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número **230**, páxina **15.860**, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **«DE FOILEBAR»** (parcelas: **O Pico de Leizán e A Louseira, A Legúa e Pico de Cabude**).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 13 de decembro de 2000 (registro de entrada número 207.584), recibíuse escrito de **DON JOSÉ LÓPEZ CORTIÑAS** (presidente da xunta rectora da comunidade do monte veciñal en man común **«DE SANTA MARIÑA»**), con domicilio en **MARTÍN**, parroquia de **SANTA MARIÑA**, concello do **INCIO**, no que manifesta haber un erro na denominación das parcelas nº 2 **«PICO DE CABUDE»** e nº 3 **«A LEGÚA»**, que esta última está ubicada dentro dos termos da parroquia de **SANTA MARIÑA** e que tamén poden estalo en parte as outras dúas. Solicita se acorde a práctica das probas que sexan necesarias para a comprobación dos feitos e se teñan en conta para excluí-los terreos que estean ubicados dentro da súa parroquia.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 14 de decembro de 2000 e na sesión celebrada polo Xurado Provincial tomouse o acordo seguinte: << g) Monte: **«O PICO DE LEIZÁN e A LOUSEIRA, A LEGÚA e PICO DE CABUDE»** (expediente 1/2000), ubicado na parroquia de **FOILEBAR** do concello do **INCIO**. Iniciado o procedemento por acordo do Xurado na sesión celebrada coa data do catorce de decembro de mil novecentos noventa e nove e por estar próximo a cumprirse o prazo dun ano previsto legalmente para a tramitación do mesmo, debido ó feito de non dispor a tempo do expediente de investigación previa (carpeta-ficha), o Xurado **ACORDA** por unanimidade ampliálo outro ano máis, de conformidade co previsto no artigo 42.6 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificado pola Lei 4/1999. >>

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 21 de decembro de 2000 (registro de entrada número 212.312), recibíuse certificación do concello do **INCIO**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello e as copias nos lugares de costume da parroquia de **FOILEBAR**, durante o prazo de **30 días hábiles**.

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 22 de marzo de 2001 (registros de saída números 41.013 e

Estremas:

Norte: predios particulares de veciños das parroquias de Vilarxoán (Leizán) e Foilebar. **Leste:** monte veciñal en man común da parroquia de Vilarxoán. **Sur:** monte veciñal en man común de Vilarxoán, **Oeste:** predios particulares de veciños da parroquia de Foilebar (Cubelas) e monte veciñal en man común pertencente á parroquia de Santa Mariña.

A parcela "**Pico de Cabude**", queda sen clasificar mentres non se acredite suficientemente o seu aproveitamento polos veciños da parroquia de **FOILEBAR**.



[Handwritten signature]
LID

[Handwritten signature]
ASAPS

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

3.- Superficies

El monte objeto de esta Carpeta Ficha está formado por tres parcelas, cuya superficie se estimó mediante planimetrado sobre plano escala 1/10.000. Las superficies estimadas son:

NOMBRE	SUPERFICIE
O PICO DE LEIZÁN E A LOUSEIRA	28,0 Has
A LEGUA	1,5 Has
PICO DE CABUDE	18,5 Has
M.V.M.C. DE FOILEBAR	48,0 Has

Las superficies citadas abarcan, en todo o en parte, las siguientes parcelas catastrales: polígono 47, parcela 347; polígono 58, parcelas 929, 930, 931, 932, 933, 937, 1189, 1823, 1857, 1861; polígono 501, parcela 85.

4.- Límites y Perímetros

Parcela nº 1.- O PICO DE LEIZÁN E A LOUSEIRA


- N:** Fincas particulares de vecinos de las Parroquias de Villarxuán (Leizán) y Foilebar.
- E:** M.V.M.C. de la parroquia de Villarxuán.
- S:** M.V.M.C. de la parroquia de Villarxuán.
- O:** Fincas particulares de vecinos de la Parroquia de Foilebar (Cubelas) y M.V.M.C. "De Santa María".

Parcela nº 2.- A LEGUA:

- N:** Fincas particulares de vecinos de la Parroquias de Toldaos y camino de servidumbre a las fincas.
- E:** Fincas particulares de vecinos de las Parroquias de Sta. María de Incio y Foilebar (Cabude) y camino real a foilebar.
- S:** Fincas particulares de vecinos de las Parroquias de Sta. María de Incio y Foilebar (Cabude) y camino real a foilebar.
- O:** Fincas particulares de vecinos de la Parroquias de Toldaos y camino de servidumbre a las fincas.

Parcela nº 3.- PICO DE CABUDE

- N:** Camino Real a Foilebar.
- E:** Fincas particulares de vecinos de la Parroquia de Santa María de Incio (Montemeán) y camino de servidumbre a fincas.
- S:** Carretera a Foilebar.
- O:** M.V.M.C. de la parroquia de Hospital.



Lugo, octubre de 2000
El Ingeniero Téc. Forestal



Fdo.: José Ricardo Lijó Alonso